

## SÉCULO XIX. LAZARETOS. A OBRIGA DE DESINFECTAR O CORREO

Antonio Graña Graña

Co auxe das comunicacións marítimas foi necesario crear Consellos Sanitarios que se ocupasen de controlar ás persoas e mercadorías que chegaban aos seus territorios.

A República de Venecia foi o primeiro estado europeo onde se construíu un lazareto no ano 1403, fora na illa de S. María de Nazaret. Foi este un modelo que tanto Xenova no ano 1477, e mesmo Marsella no 1525, asumíronno co fin de controlar a irrupción das diferentes pragas que maioritariamente proviñan do S.O. asiático, do Caribe, e do continente africano.

O cólera morbo asiático, as vesigas, a malaria, a peste bubólica, a febre amarela, o escorbuto, e un longo etc., foron un constante reto para as autoridades sanitarias de todos os tempos.

Entre as mercadorías, a correspondencia era unha das actividades que maior control requiriu. O mesmo aconteceu no caso do lazareto de S. Simón cuxa actividade comezou no ano 1842, aínda que o primeiro control sanitario na Ría de Vigo, estivo asentado dunha maneira provisional nas Illas Cíes, ata que nun proceso de selección foron elixidas as illas redondelanas de S.Simón e S.Antón.



*Patente de Sanidade, dada pola Xunta de Sanidade de Vigo, o bergantín-goleta "N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> del Carmen", que partía para o porto da Coruña. Vigo, 12 de xullo do ano 1820.*

### Métodos empregados para a desinfección do Correo

Cando as cartas tiñan a súa orixe en lugares moi afectados ou sospeitosos de selo, puxéronse en marcha diferentes fórmulas co fin de contrarrestar a entrada das diferentes pandemias por medio do papel. Para iso foron adoptadas diferentes formulas:

-Suxeitar as cartas mediante pinzas e asperxelas con vinagre só ou alcanforado.


-Asperxelas con cloro e sal.

-Depositara correspondencia sobre unhas reixas e baixo estas uns recipientes con sal común, manganeso, e unha solución de ácido sulfúrico.

Para facilitar a entrada nos sobres dos vapores emanados dos diferentes métodos, a estes dábanselle varios cortes en función da gravidade que se lle presupoñía.




Carta dende Puerto Rico a Madrid, vía Vigo-Ourense. 25 de agosto do ano 1849.  
Tres cortes de desinfección. Desinfectada no Lazareto de San Simón.



Carta da Habana (Cuba) a Vigo, 76 de setembro do 1855.  
Polo vapor mercante "Europa": Un corte de desinfección.  
Desinfectada no Lazareto de San Simón.

Foi no ano 1853 cando se deu o primeiro caso de cólera morbo na Ría de Vigo, ao arribar o buque da Armada "Isabel la Católica" procedente de Grecia con tres enfermos que ingresaron en S. Simón.


Entre os anos 1853 e 1856, estendeuse de tal maneira a epidemia no estado español que provocou entre 260.000 e 300.000 falecidos. No caso de Galicia, falamos do ano 1853, facilitou a entrada da pandemia, a falla de alimentos debido ás intensas choivas e baixas temperaturas rexistradas o longo de todo ese fatídico ano.



Carta dende Cárdenas (Cuba) a Pontes de G<sup>a</sup> Rguez., vía Vigo, 14 de Xaneiro do ano 1856.  
Pola fragata mercante "Ana Teresa". Un corte de desinfección.  
Desinfectada no Lazareto de San Simón.



Recibo da Xunta de Sanidade de Vigo por 150 reais por 15 días de corentena no Lazareto de San Simón.  
Vigo, 23 de outubro do 1854. Assignada polo Duque do Infantado.



Carta dende o Lazareto de San Simón a Cádiz, 8 de outubro do ano 1855.  
Polo buque "Paquete inglés". da Compañía P&O.  
Dous cortes de desinfección feitos no propio Lazareto.



Carta dende Vigo o Lazareto de San Simón, 2 de agosto do 1853.  
Coa marca do encamiñador Ortega y Cº. Vigo.

(Publicado en "Asoc. del Stmo. Cristo del Consuelo". Agosto, 2024. Cangas)